

NA illa do teu ventre,
no teu rumor sinxelo,
na claridade de luz desta pel na que habitas,
na intimidade dunha caricia na palma
única,
na delgadeza das liñas do teu lombo amplo
(adobíos cartográficos, caligrafía
de amantes),
no leito marabilloso do teu peito de mozo,
na almofada recta das nádegas
intensas,
na humidade do sexo que se descobre entre as nubes,
na chuvia de pétalas, nas pedras
brancas e romas
dos ríos destes corpos,
na vexetación exuberante
do cabelo en ondas,
na unión tenrísima que eleva ata as montañas,
nace este tremecer
que se espalla.

NOS límites da auga, alá, na fin das silveiras
e os amorodos,
na profundidade que me arrastra,
na mensaxe auténtica que se amosa no tempo,
na dozura
dun mel que se verque nos seos
altos,
na cuncha sinxela achada nas praias abandonadas
da estación do inverno,
nos leitos boreais de plumas e folerpas,
na caricia que abre,
nos lagos interiores e resplandecentes
que aparecen nos corpos (pel nítida e tersa
de deserto e maré),
nas ondas belísimas que alzan,
nos territorios selváticos e rugosos,
nas madeiras que olen a ceo e a solpor
inconcreto,
na maxia das palabras estrañas,
habita esta emoción
que arde.

DUBIDO cando camiño silenciosa entre as sebes
e os toxos,
cando suplico á lagoa que non axite
as ondas
na auga;

dubido cando caen as doas de mimosa
sobre o meu cabelo
e o vento
distribúe estremecementos nos ocos das herbas;

dubido cando esperto e as lufadas incertas
se arremuíñan na pube
e cando os ollos pasan e os sorrisos e
as mofas
son similares e ambiguos como arandos
e grosellas,
e alzo a voz, e sobe a ira
cando a amizade se derruba e é mentira
inxuriosa;

dubido, si, mais é inefable
a certeza
de que o meu amor sempre reside
nas cuncas e nos lagos do meus dedos
lixeiros.

XARDÍN botánico abandonado: orlas deliciosas
de mirto e de loureiros, campánulas
grandiosas.

Corpo atraente que ofrece follas en peito
firme (lugar profundo e aromado), ventre
de latexares de luz, de
ilusión
de puzas e auga.

Pasos ecoan entre a herba silvestre
e as nubes
anuncian momento gris de chuvia e de soidade.

Pernas cariñosas e impregnadas co olor ao deserto,
sexo belísimo de dátil e espiga
luminosa (tardes de millo, de calidez
que alaga).

A ilusión retorna no contraste entre as follas
das palmeiras
e volve o amor a esta fraga selvática
e desleixada (terra húmida
e tigres de raias indicíbeis).

Pescozo delicioso que ole
a esponxas; palma que acaricia nádegas
de sal; amante, a túa paixón retornada
colma
e abrasa;
abrasa.

OS ollos ateigados de tenrura, de orxo e incendio,
os fentos maravillosos no meu cabelo enredado,
a ledicia dos esquíos que percorren o corpo
(mans áxiles e suaves, caricia no frío),
a pube esperta que agarda coma fraga
escurísima
un pracer que xa tarda,
as inguas coma simas en que caen
flores secas,
a terríbel sensación de que o cumio non chega,
a serpe que devora na fenda,
o veneno e a apócema que rebenta
as orquídeas,
os beixos sobre os pés, as pernas
elegantes
que recenden a incenso,
as sebes das nádegas, o loto duns seos
que claman na tempestade,
o ventre coma unha illa que fai nacer o desexo,
a neve que cae devagar sobre este atlántico
en lume,
os monstros mariños que se tornan
criaturas fantásticas e belísimas (a besta
cotiá
disípase),
a tenrura incesante que retoma o símbolo

das rosas
e a pube,
a caricia que tece, o manto
que adobía epiderme que clama.

A profundidade, esa rosa que se abre silenciosa
nun tempo das orixes
nos corpos enlazados.

CARA ás presenzas fresquísimas da umbría
do torso misterioso (madresilva en fragas
atraentes),

cara aos socalcos das puzas
e ás montañas
dos mananciais exuberantes (o fragor expándese
luminoso),

cara aos cereais lévedos e límpidos
que xorden dos seos,

cara ao tempo vagaroso en que todo nace
e todo parte,

cara á fragrancia que sobe
das herbas e dos fentos
cultivados (pube profunda),

cara á marabilla pendurada de edificios
de antigüidades insólitas
(Babilonia en palmeiras),

cara ás xemas dos dedos, cara ás cuncas
que ofrecen auga
e purificación,

cara aos pétalos que irrompen nun torso

lene

e alambicado,

cara á beleza da pel que recibe nas chuvias,

diríxome nesta viaxe nítida e perfecta.

PROBAREMOS as posturas dos corpos, as sombras, as follas
de acanto
terribelmente salvaxes,
os límites desnivelados dos chans (epiderme dúctil),
as tebras
lizgairas
da dimensión movable.

Intentaremos atinxir os enveses dos corpos, a face
de atrás, as enrugas, as revoltas
descoñecidas; en percorridos poderosos e inquietantes
cinguiremos
cinturas volátiles e réptiles, espazos cotiás
mais alongables
deica as terras estrañas.

Porque en cada posición inesperada
se acha
o celme dos ceos estantíos, inmensos, as terras
rubias
da calor, as xeografías secretas, as rectas
nádegas e outeiros, as mans delicadas.

Porque en cada
sima descuberta
nace a flor que se espalla, a onda

que se eleva,
a labarada inmensa, a árbore senlleira.

Porque entrelazados, cinguidos, máis afastados,
turxentes, acubillados, anoados, nas redes,
nas historias, entre as nubes
brancas,
rebetan os corpos en territorios inexplorados.

ESTÍO

I

CORPO inmenso de territorios atraentes.

Torso insinuante con sombras

ateigadas de sexo

e expresión rutilante.

Nádegas deliciosas de sal.

Coxas vizosas de campos abertos e herbacentos,

de chuvias frecuentes,

de cervos veloces.

Sexo rápido e áxil coma peixe fértil e

húmido, réptil de calor

e frescura das puzas.

Mans de pracer, de caricia que rompe

os principios

da dor (levántanse os terrores da vida).

Dedos lixeiros entre

ondas repentinas da cabeleira en lume

(a fogueira arde no sabor rubio dos bosques,

nas landras que provocan, na terra profunda).

Sexo elevado cara ás montañas, violácea

flor, orixe dos liques

e do tempo.

Follas insinuantes, enredadeira da cortiza

que recompón, fraga exultante na
arxila e nas grosellas.

Inguas de misterio, pendentes de serras
inconfesábeis, corredores de pracer, torrentes
rápidos trala tormenta.

Ventre de illa luminosa, de gándara
baixo os grouos (os seos expándense
entre os xuncos).

Vertical puza escuridade.

Embigo, orixe, sabugueiro e vento.

Lombo amplo, estepa inabarcábel.

Pálpebras suaves para lingua rápida.

Pescozo fresco en que habitan nubes, e ventos
de setembro, pavizas en monllos.

Caluga de esporas espalladas.

Corpo amplo de follas e arxilas primarias.

II

NA estación das chuvias, percorro o teu corpo e acho
mananciais idílicos,
selvas exuberantes e magníficas, terras
rezumando pracer, illotes
senlleiros (inguas delicadas), torrentes
que caen sobre o lombo,
nádegas vizosas de marzo, sulcos por
pernas
deleitosas, insuas
en ventre ilusionado, palmeiras inauditas,
auga nas sofraxes,
resplandor dos ollos que apreixan
seos rápidos
e breves,
penumbras de frescura escorrendo
ata as axilas,
sures ateigados de pingas,
vendavais nas coxas,
sabor a pan, a fariña, a finísimo
alimento primario,
recendo de vida, de terra humedecida
no territorio
en que todo é certo e todo é auténtico.

Humidades de nubes que percorren o campo

procurando cervos, e vacas de novembro, e
herbas altísimas, e un regueiro
de selva seca e exuberante.

Na estación das chuvias, acho praias
isoladas
e salitrosas no teu corpo.

III

CANDO ti non estás, fica en min
o estraño sabor salgado das madeiras secas,
a margarida
de cores alaranxadas e tremendas que
olen
a días sollíos e abertos nas dunas de salitre,
o doce padal da cereixa que cae
(boca escura),
as gretas das cabanas que ousadas
retan
ondas con néboa,
a fragancia da area envolvendo os pés,
a humidade
dunha flor que se abre,
as algas recollidas e desecadas nun lombo
recibindo os ventos,
os arandos
da pube,
a suavidade que propicia chuvias de agosto
inesperadas,
a terra sulcada nun corpo vizosísimo,
as cortizas das mans,
as imaxes translúcidas e penumbrosas,
a rosa do deserto aberta entre as sombras,
os lagos abandonados,

as insuas herbacentas,

cando ti non estás, fica en min

un rebumbio certísimo

que me leva

nun fío

ata o van de home novo

(o dédalo esváese).

A AUSENCIA

I

CIRCULO inmóbil entre as terras dos loureiros,
entre a humidade, nos camiños
recubertos de neve, nos espazos isolados
das árbores altas.

Escorrego soa por puzas e montañas, pendentes
e enredadeiras, ruínas esmaceladas, couselos
absortos, antigas madeiras.

Esparexo especias, esmago no sabugo,
pouso os pés sobre as froitas,
imprégnome do leite das figueiras,
impúlsome onda as serpes, procuro as buratas,
durmo entre os ventos delongados.

E sei que os ramallos se axitan, que os muros
devastados
ostentan brión e verdades agochadas, hedras e
xesteiras, estrugas íntimas
nacidas no interior.

E sei que é a falta
do tempo dos deltas, dos fentos,

dos roces instantáneos, das caricias na tarde,
do lume das xunqueiras.

Seino, coñezo
a mensaxe,
mais a ausencia,
quizais perenne,
recóbreme coas súas poutas fortes e azuladas.

II

HABITO esta dor das terras esmagadas, das pequenas
cousas, do xardín
labiríntico
e afastado,
no fondo, na revolta,
no lugar das palmeiras
duplas.

Habito esta dor sen presenza, de suave
vento que arremuíña
as uvas caídas, os grans que xacen
nos valados, os pans encertados, as terríbeis
présas dos calacús.

Porque na terra, nas cuncas de madeira, nas simas,
nos desertos,
porque na tarde decaída, nos cipreses, nas horas
de profundas rememoracións, nos figos
derramados polas chuvias...,
porque na aldea húmida e senlleira, entre
as tebras, entre os montes, entre
a herba demasiado mollada
e podrecida (a figueira axuda
na ruína),
porque nos muros de agonía, de tristeza,

de grises grous voando sobre os lagos...,
porque nestes espazos tímidos e afondados
baixo buganvileas
domésticas,
nas lufadas, nas actinias, nos caracois
percorrendo a pel,

lembro o teu corpo, contundente presenza.

ACOMPÁÑAME polos carreiros da dor, polas empinadas
costas, as veigas desoladas;

acompañame polas reunións das xesteiras, polos bicos
amigables
abertos en puñais;

acompañame entre a xente, protéxeme dos sorrisos das
serpes, as trampas
dos calacús, as malas palabras,
as traizóns inesperadas;

acompañame polos corredores
ateigados de lagartos e buratas tan dondas
no primeiro reflexo;

acompañame, amor, no día a día do inverno
escuro, dos lobos aconchegados
nos recantos, das tempestades
tan calmas e tan certas;

acompañame entre as prêsas, entre as olladas
fáciles e neutras, entre os enveses
terribles da bondade
derruída;

acompañame, amor, e permite
que aloumiñe as túas pálpebras no camiño.

SE callar adoezo polos lugares escollidos,
pola humidade das marxes dos hedrais,
pola luz solar que irradia tan feble
entre os círculos das follas
delicadas e louras.

Se callar degaxo por camiñar xuntos baixo
as bandas e os voos
das aves migratorias, dos últimos ocasos
do verán, da quietude
de tardes estantías
e case perdidas.

E é certo que morro por domingos dos últimos
setembros, dos inicios do inverno,
das luces apagadas, das vivendas
engalanadas.

E degoiro pola man
sobre o meu ombreiro, pola caricia
na face,
pola suave presada de terra,
pola pedra
branca e redonda,
polas premonicións
dunha tarde incerta e lenta sen paxaros.
E devezo por albiscar as augas do río,

a arxila perdida,
as árbores tumultuosas, as canles
húmidas e escuras, os galgos
da media tarde.

Se callar é o desexo do domingo estantío
e labiríntico
(adiviñanse os mirtos).

QUIXERA que ficase en ti o sabor quebrado, a polpa,
as pingas de chuvia nas mañás de setembro
apouvigadas,
as follas dos plátanos movéndose ansiosas
na estación da espera.

Quixera que ficase en ti o tacto das xestas,
as caídas na terra castaña,
os ventos lenes
que nas horas
se levantan verticais e arremuiñados,
a tersura das lembranzas dos xabaríns,
os lentos
pasos amortecidos na herba
xa seca
do final do verán.

Quixera, si, quixera
que residise en ti
todo o vivido, a experiencia
pasada, as candeas consumidas,
os pétalos derramados,
as areas extraviadas entre as chuvias.

Quixera, si, quixera
que residise en ti

o sabor agre deste setembro

lévedo.

DEIXA que capture os derradeiros raios do verán,
os refulxires nos teitos,
a espuma clarísima na orela,
as viaxes ás illas estrañas,
o voo dos araos salvaxes,
a secura da herba seca que recende,
as últimas amoras nas silveiras,
as alegrías estivais serodias,
o figo caído entre as follas do loureiro,
as derradeiras navegacións entre os arroaces,
as pingas humedecendo
a terra,
a luz peneirada na vendima tan maina;

deixa que capture os últimos risos apagados,
as derradeiras mercadorías,
o bulicio no bazar
(as gaivotas elevan na brancura);

deixa que apreixe con forza
o último ar
de ilusión
(o verán esváese entre os dedos,
area branquísima).

DOS días de setembro, eu escollo
a lenta caída das voces na almofada da tarde,
a suave
luz inaudita que irrompe tan donda,
os figos saborosos de azucre
e de vento agochado,
os xogos das mans entre os fentos (xa a castaña
folla se adiviña nas puntas),
a area arremuiñada fronte á porta (o mar
sacode os obstáculos
dun estío incesante),
as silveiras que ofrecen amoras nas encostas
radiantes, as viñas
tan fermosas, as cancións
da túa voz (paxaros buligando
no bosque),
as costañas das pavizas, as terras
fecundas,
a túa pel fóra do sabor a salitre, a
resina adormecendo sobre as lombas,
os neboeiros inesperados,
as rochas ergueitas, as mensaxes
levadas polo vento
doutro continente,
as aves que se axitan na espera
e na viaxe,
a calor das tardes mornas,

as uvas azucradas,
a humidade dos días outonizos,
a lentitude dos teus pasos ecoando lentos
entre os fentos,
o inesperado aroma da herba luísa
agromada na arxila,
(a túa boca recibe as dozuras do campo),
as peonias lembradas de tempos atrás.

Dos días de setembro, escollemos
unha hora de luz
acompañando na espera.

QUIXERA contigo compartir o silencio,
a suave sombra do castiñeiro isolado,
o violeta salferido nos pétalos devorados
por boca
(ai o beixo que fai nacer a humidade!),
os estanques mornísimos que agroman nas seivas,
as furnas misteriosas que amosan
delicada ofrenda de mazás,
o alaranxado setembro nas dalias tan próximas,
o camiño alongado por costiñas
e sotos (caricia entre o lombo,
nádegas nítidas),
o antigo paso por alpes afiados
(está arribando
este cumio exquisito),
as maceiras xa vellas das lembranzas pasadas,
os ourizos que caen entre os fentos,
as silveiras orlando valos e mais sombras,
a folla avermellada da viña (follas
entre os liques, fontenla de sal),
os cálidos raios dun outubro inaudito,
a carballeira longa
que esvara sobre o monte,
os socalcos sollíos,
as ras na puza abandonada (feixes de humidade,
medas sombrizas), as rafias fortes coas que

anoar sementes,
os principios dos calacús,
a penetrante resina dos cedros,
os xardíns cultivados nas pendentes,
as palmeiras vizosas,
as cortiñas das peras amareladas e doces,
os froitos espaxados entre as árbores,
as buganvíleas malditas en vivendas desoladas.

Co teu corpo, habitarei silencios
e días
(compañeiro radiante).

NO teu corpo, albíscanse desertos, alquimias, mananciais,
uvas nos outeiros,
montañas tan altas e inquietantes.

Áchanse os fentos sobre a fronte marcada,
adiviñanse tigres no teu lombo amplo e forte,
resucitan ourizos nas cortizas dos brazos.

E procuro as flores rosáceas do primeirísimo outono,
as campánulas tinguidas dun azul tan profundo,
as hedras arrubiadas dos ombreiros esguíos,
a suave fontenla lenta da túa boca tan fresca.

E procuro a sombra da palma sobre o sexo,
os ritos da calidez do vendaval de area,
o Cairo tan púrpura do veludo dos labios,
a elegancia fonda do teu ollar de furnas.

E transcorren en ti os tempos serenos dos
soutos húmidosos,
o fulgor de lume do teu orxo sinxelo,
a cotiá secura das augas na alquitara (materia
acendida nas túas ondas de home),
o recendo intenso dos cedros na penumbra.

Tremelocen no corpo
as areas do tempo (cereal perfecto, fraga escurísima),

e transportasme áxil ata o incendio profundo

(a selva

irrompe fragrante).

EN ofrenda, eu recibo
as hortensias avermelladas do xardín
labiríntico,
as xemas dos teus dedos,
as fermosas neves das chairas recubertas
(brillan as pupilas coma lirios no ártico),
os teixos robustos das túas pernas gustosas,
as lenes follas dos mirtos,
as nádegas certas como almofada radiante,
as plumas da túa voz,
os talos e os raizames do teu corpo de cunchas,
as suaves vibracións do vento,
as arañas das pestanas,
os remuíños das follas,
os miúdos pétalos brancos abertos na caricia,
a boca
senlleira,
as laranxas acesas nas ondas do teu lombo,
a area nos petos,
os pés rebulideiros,
o azafrán e a arxila dos teus labios perennes,
a frondosidade do dédalo,
o fresco lirio dos ríos,
a milgranda doce da túa boca sincera,
os mapas do torso
(liñas inconcretas),
o misterio das terras alagadas,

as dalias tan rubias,
os ombreiros recubertos de
seivas.

Nos ventos das sementes, eu recibo
o teu corpo en ofrenda.

OUTÓRGAME xardín pendurado, neve profunda,
flores no inverno.

Outórgame áloe agromando nas nádegas,
liques sempiternos, desexo fondo que arriba
nas penumbras galopantes, estrelas de sal,
reiseñores sinceros, sésamo esvarando
na epiderme.

Outórgame reloxos nas cidades dos desertos,
rosas de pedra, almafis imposíbeis.

Outórgame aves partindo dende os corpos, plumas
tan brancas, edredóns no inverno;
outórgame brétima de farrapos tan lenes
(ábrense as flores coa verdade escrita
en láminas de cristal).

Outórgame paraísos nas illas, horizontes amplos,
voces de mazás.

Outórgame a terra, a fariña, o lume destas horas,
o ar envolvente, os rumores ecuestres,
a auga profunda.

Outórgame a rugosidade das fragas, as materias ígneas.

Outórgame liño, té, sémola, sima,
brancura nas sofraxes
que bebes.

Outórgame, amor, a transparencia da vida.

COMO unha planta exótica que cómpre
preservar do vento,
como a palma ondulada en mañás
tenramente frías e docemente
luminosas,
como a folerpa que cae entre a herba
abrigada no verán,
coma un xaguar con poutas
de veludo
e vigor das selvas virxes,
coma o peixe de escamas refulxentes e misteriosas,
coma a orquídea das tardes desapraticibles,
como a neve recubriendo lombas e costañas
(outeiros remachados, estrelas inconcretas),
como a noite tan queda e tan quente,
como a suavidade dos pétalos caídos sobre a face,
como as agullas de piñeiros delicadamente
esguíos e delgados,
como as campánulas ateigadas de chuvia
nun camiño deserto,
como os remuíños fermosos,
como a dozura da luz peneirada entre as xestas,
como as estrugas profundas e as alfombras
de brión
e enredadeiras,
coma os cedros fragrantés de países estraños,
como as chairas inmensas,

como as cortizas secas que se divisan no bosque,

como as cores terrosas das illas incertas,

como o elefante que sostén o firmamento, a

tartaruga tan ínfima

e segura,

como as gándaras delicadas das areas e os grous

é a beleza rotunda do teu corpo de home.

NOTAS:

*Os poemas “Na illa do teu ventre”, “Nos límites da auga, alá, na fin das silveiras”, “Dubido cando camiño silenciosa entre as sebes”, “Xardín botánico abandonado: orlas silenciosas”, “Cara ás presenzas fresquísimas da umbría”, o grupo ESTÍO, o grupo AUSENCIA, os poemas “Acompáñame polos carreiros da dor, polas empinadas”, “Se callar adoezo polos lugares escollidos” e “Quixera que ficase en ti o sabor quebrado, a polpa,” recibiron como conxunto o 2º premio no IX Certame Francisco Añón de Poesía, e aparecen recollidos nun volume colectivo.

*Os poemas “No teu corpo, albiscanse desertos, alquimias, mananciais” e “Como unha planta exótica que cómpre”, xunto con outro grupo de poemas, recibiron o 2º premio do VI Premio Xosé Díaz Jácome de Poesía.